

**V ASEMBLEA NACIONAL**

**ESTUDAMOS PARA**  
**LIBERAR**  
**GALIZA**



**TESE**  
**POLÍTICA**



# TESE POLÍTICA V ASEMBLEA NACIONAL ERGUER

## ESTUDANTES DA GALIZA

<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>1</b>
<b>ENSINO MEDIO</b> .....	<b>3</b>
Mudanzas na situación xurídica.....	3
A nova selectividade .....	4
Conxuntura do ensino medio .....	5
Propostas para o ensino medio .....	6
<b>FORMACIÓN PROFESIONAL</b> .....	<b>8</b>
FP Dual.....	8
O novo módulo de inglés profesional.....	9
Diminución da oferta presencial e privatización do ensino .....	9
Propostas para o ensino profesional.....	10
<b>ENSINO UNIVERSITARIO</b> .....	<b>11</b>
Un SUG infradotado e infrafinanciado .....	11
O Plano Bolonia.....	12
Universidade Privada na Galiza.....	12
A chegada da LOSU .....	12
Un ensino antipopular .....	13
Bolsas de estudo .....	14
A farsa das matrículas gratuítas .....	14
Sistema de transporte .....	15
Vivenda e residencias .....	15
Un ensino desgaleguizador .....	16
Propostas para o ensino superior .....	16

## INTRODUCCIÓN

Cómpre principiar cunha breve ollada ao noso redor para analizar a situación actual do ensino público galego. No transcurso deste período interasemblemable que comezou en novembro de 2022 comprobamos o avance de dúas graves ameazas: a privatización e a desgaleguización do noso ensino. Ambas son consecuencia dun sistema antipopular e imperialista que subxuga o ensino aos seus intereses e ambas teñen que ser combatidas cunha organización estudantil galega forte.

As crises do sistema capitalista que se viron agravadas entre outras cuestións pola pandemia da Covid-19 e da guerra en Ucraína deron lugar a un medre crecemento exacerbado dos prezos, tanto nos alugueiros, como nos transportes e nos servizos e bens máis básicos.

Neste contexto de crecente precariedade, o sistema educativo galego, lonxe de ser un espazo de emancipación, está a se converterse nunha ferramenta máis de reprodución das desigualdades de clase. A privatización e mercantilización do ensino non só exclúen a mocidade das clases populares do acceso aos niveis superiores de educación, senón que tamén perpetúan un modelo que afianza as estruturas de poder que oprimen o noso pobo. O ensino, en lugar de paliar as desigualdades sociais, convértese así nun instrumento máis do sistema para garantir a submisión da mocidade galega aos intereses do capital.

Mentres non se aumentan os recursos que se lle outorgan ao ensino público, vemos como si aumentan os que se lle dan ao sector privado. A creación da primeira Universidade Privada do país, en mans de ABANCA, é exemplo claro da aposta actual polo privado. Volvemos apreciar a mesma tendencia se ollamos cara ao ensino medio, con servizos de transporte precarios e medios insuficientes á par que se incrementa o gasto na escola concertada e privada.

Ante todo isto, os gobernos da Xunta e do Estado español tan só teñen ofrecido medidas paliativas (como os bonos de transporte, a redución parcial das matrículas ou os bonos culturais), que se ben melloran moi lixeiramente a situación das estudantes, non son máis que unha forma de desviar o debate para non chegar a solucións máis profundas, atallando os problemas de raíz.

Ao mesmo tempo, continúa o proceso de deterioro do noso sistema de ensino, que responde a lóxicas de tipo colonial e que vemos agravadas coas políticas do PP na Xunta de Galiza. Cada ano asistimos a unha desgaleguización máis agresiva das nosas aulas en todos os niveis de ensino e en todos os aspectos. O decreto de plurilingüismo, sumado á falta de

profesorado que imparta aulas en galego e ofrezan materiais na nosa lingua ten producido tanto na Universidade, como en FP, como no ensino medio un medre agudizado da españolización. Isto reflíctese nun dos datos máis esmagadores que coñecemos nos últimos anos: un terzo dos menores de 15 anos non coñece o galego, e o seu uso entre a mocidade está a virar residual. O galego é, grazas ás políticas educativas do Partido Popular, minoritario e minorizado en Galiza.

Por iso para Erguer. Estudantes da Galiza, a defensa do galego non é só unha loita pola preservación cultural, senón unha batalla fundamental pola nosa liberación nacional e social. A desgaleguización das aulas non é un ataque illado, senón parte dun proceso de asimilación que busca debilitar a nosa identidade e subxugarnos aos intereses do Estado español e do imperialismo. Manter vivo o galego no ensino é chave para a nosa autodeterminación e para garantir que o futuro da Galiza se constrúa desde e para o noso pobo.

Pero a españolización do noso ensino non se manifesta só na lingua. Cada vez impártense menos materias que traten cuestións como a historia da Galiza, deixando a meirande parte da mocidade sen unha educación que os forme na súa propia historia e cultura. Tamén vemos como se incentiva a creación de modelos de ensino único, como puidemos ver co anuncio do PP de crear unha única proba de selectividade, o que nos afastará aínda máis das necesidades educativas que ten o noso pobo.

Así, observamos entre estes dous factores un claro denominador común, o cal levamos anos denunciando: a conversión do sistema educativo galego nunha ferramenta do capital para educar estudantes sen capacidade de análise crítica da realidade e que serán no futuro traballadoras submetidas ao capital e aos seus intereses, fronte ao desgaste da educación igualitaria en oportunidades. Para acadar os seus obxectivos, baseados meramente no seu proveito económico, poñen en funcionamento unha serie de mecanismos: a transformación do ensino nun sistema cada vez máis mecánico e menos competencial e racional, a formación das estudantes en aspectos útiles para o mercado e deixando de lado a formación persoal e colectiva para crear cidadanía preparada para a sociedade na que será inserida; e a limitación do acceso aos niveis superiores de ensino das clases populares, dificultando ou mesmo impedindo así a súa posibilidade de optar a futuros postos de traballo superiores e perpetuando os marcos de poder establecidos. Do mesmo xeito, buscan adormentar a conciencia nacional galega da poboación a través da desgaleguización das aulas, fomentando a emigración das nosas mozas e mozos e entorpecendo o coñecemento sobre os problemas que experimenta a nosa terra.

Non podemos esquecer que a loita pola liberación nacional e social da Galiza vai da man da loita feminista. O sistema educativo, tal como está actualmente deseñado, consolida a opresión de xénero reforzando e normalizando os roles cis-heteropatriarcais, creando ademais un marco que exclúe e silencia activamente as voces das mulleres e das persoas pertencentes ás disidencias de xénero. Esta exclusión non é só un acto pasivo de invisibilización, senón unha forma de violencia simbólica que limita a participación plena destas identidades nos espazos educativos e sociais. Desde Erguer, comprometémonos a facer do feminismo unha peza central na nosa loita, garantindo un ensino que combata a violencia de xénero e a invisibilización doutros colectivos vulnerábeis. É preciso un sistema educativo que forme en igualdade e en diversidade e que sexa inclusivo para todas as identidades, sendo un espazo seguro e respectuoso.

Rematada esta primeira análise das principais ameazas que temos por diante, faise evidente que a única forma de combater estas tendencias é a través da organización das estudantes galegas para loitar por un ensino galego digno, de calidade, igualitario e popular. Erguer. Estudantes da Galiza, como organización estudantil referencial no país, debe ser a forza que leve esa loita por bandeira e que consiga representar os intereses das estudantes galegas. É hora de que o estudantado se organice, se mobilice e tome as rendas da loita por un ensino que nos sirva a nós, o pobo galego, e non aos intereses do capital e do Estado español.

Así, ábrese ante nós un novo ciclo no que teremos que fortalecer a nosa organización, inseríndonos cada vez máis fondamente na sociedade e no conxunto do estudantado galego ao longo do país, ao mesmo tempo que reforzamos internamente a nosa estrutura e organización. Só así seremos quen de levar ás estudantes o debate sobre as problemáticas que vivimos a día de hoxe, espallando conciencia das condicións diferenciais que se viven na Galiza e facendo unha fronte ao avance do colonialismo.

Chegamos así a esta nova Asemblea Nacional, que debe marcar o camiño a seguir cara a estes ideais e a continuación do camiño que xa viñamos trazando.

## **ENSINO MEDIO**

### *Mudanzas na situación xurídica*

Desde o punto de vista xurídico, o período 2022-24 veu marcado pola implantación por tramos da nova Lei Orgánica pola que se Modifica a Lei Orgánica de Educación (LOMLOE), que rematou o pasado curso 2023-24 coa aplicación da nova lei a todos os tramos da educación secundaria. Con isto péchase definitivamente o ciclo que abriu en 2013 a aprobación en da LOMCE polo goberno estatal do Partido Popular, que supuxera, como xa temos analizado,

un fondo deterioro na calidade da educación pública, así como un avance na instalación dun modelo neoliberal e privatizador do ensino. A definitiva supresión da LOMCE non se pode explicar exclusivamente como resultado dos cambios de cor política no goberno estatal, senón que debe ser entendida tamén como unha resposta ao clima de descontento entre o estudantado que esta lei xerou, e, en última instancia, como froito serodio da continua mobilización estudantil que se viviu entre os anos 2013 e 2019, e na que a participación de Erguer. Estudiantes da Galiza foi determinante a nivel nacional.

Con todo, a LOMLOE dista de ser unha panacea que vaia resolver todos os problemas do sistema educativo galego. Pola contra, as principais mudanzas desta lei viñeron centrarse na derogación dos elementos máis negativos introducidos pola LOMCE, supondo, en moitos sentidos, máis unha volta á situación anterior a 2013 que un cambio radical de ningún tipo. Así, a nova lei mantén a existencia de concertos con centros privados intacta no fundamental, malia introducir a prohibición de realizar concertos con centros que segreguen por xénero, norma que non aplica na súa totalidade a Xunta de Galiza baixo o goberno do Partido Popular. Igualmente, a lei mantén a materia de relixión católica dentro do currículo do ensino secundario. Así mesmo, o texto da LOMLOE contén numerosas referencias á igualdade de xénero ou á concienciación en materia ambiental, porén, atopamos poucas medidas concretas que supoñan unha mudanza real no sistema educativo nestes sentidos. Por outra banda, esta lei non trae consigo ningún avance no recoñecemento da nosa realidade nacional, supondo un afondamento do modelo de ensino colonial para o noso país. Son varias as problemáticas que non resolve e afonda a LOMLOE: non recoñece a lingua galega como fundamental no noso ensino, deixándoa marxinada e sen o prestixio que merece; mantén secuestradas as competencias que retirara a LOMCE en materia de definición dos currículos, e que deberan ser competencia galega; afonda no descoñecemento da historia e cultura de Galiza, facendo inaccesíbel os elementos fundamentais para comprender a nosa realidade nacional e creando un marco españolizador no estudantado.

#### *A nova selectividade*

Por outra banda, o goberno español anunciou tamén a reforma nas probas de acceso á universidade para o curso 2024-25. E neste caso, ao igual que acontece con outros aspectos da reforma educativa que esta a levar a cabo o goberno do Estado, a mudanza semella traer máis cambios no apartado estético do que no funcional. A comezar polo propio nome da proba, que pasa a ser denominada como Proba de Acceso á Universidade (PAU). Introducendo tamén outros cambios menores como a eliminación da escolla entre dúas opcións en cada proba ou a regulación das penalizacións por faltas de ortografía. Porén, a reforma non altera en absoluto os problemas que presenta a selectividade como método de

cualificación, que segue a supor 8 de 14 puntos totais da nota de acceso á universidade, confiando o futuro educativo e laboral do estudiantado a unha única proba que non fai máis que reducirnos a unha nota que en absoluto define a nosa validación como estudantes nin como persoas. E, por outra banda, mantén intacto o sistema de acceso á universidade por nota de corte.

Así pois, o actual modelo de selectividade representa unha traba máis no acceso á universidade que afecta moi negativamente ao estudiantado. Unha proba carente de sentido que contamina todo o curso de 2º de Bacharelato e que nos consume durante un ano enteiro da nosa xuventude. Unha proba antipedagóxica que nos vende a idea dunha falsa meritocracia, ocultando as desigualdades sociais, e obrigándonos a competir para ver quen memoriza máis contidos. Unha proba que xera unha forte presión sobre a nosa saúde mental, debido ao seu peso desproporcionado sobre o noso futuro, e impide que poidamos aprender doutros aspectos importantes para a vida. En definitiva, unha proba feita para castigar as clases populares galegas e dificultar o seu acceso ao ensino superior, todo mentres continúan as axudas ao ensino privado e concertado e se desmantela o sistema público de ensino. Fronte a este modelo que nos deshumaniza é necesario un novo modelo aberto, público e ben dotado, que garanta unha educación accesíbel e de calidade para todas.

Por outra banda, no final do curso 2023-24 fomos testemuñas de como o Partido Popular, cada vez máis virado á extrema dereita, marcaba como obxectivo a creación dunha “selectividade única” con probas iguais nos territorios nos que goberna, entre os que se inclúe Galiza. Feito que supón unha renuncia ás competencias en materia de educación que corresponden por lei á Xunta. Así como a negación da propia existencia da Galiza como realidade diferenciada con historia, cultura e linguas propias que merecen ser estudadas en pé de igualdade con calquera outra do Estado.

### *Conxuntura do ensino medio*

No que se refire especificamente a Galiza, a situación do ensino vén marcada pola continuidade nas políticas neoliberais e españolizadoras do goberno do PP na Xunta. Os resultados máis palpables desta política foron o peche de centros no rural, así como a existencia dunhas ratios de estudantes por docente que veñen imposibilitar a aplicación de calquera metodoloxía pedagóxica que busque a atención individualizada de cada alumno.

No eido lingüístico, o ensino medio segue a funcionar como unha das ferramentas máis útiles do españolismo: o galego non é lingua válida para ensinar materias como as matemáticas (perpetuando lóxicas diglósicas polas cales a lingua propia só serve para determinados usos)



e non se garante un coñecemento real da lingua. O ensino medio é, alén diso, o contexto en que moitos estudantes abandonan a lingua propia para pasaren ao castelán.

Por outra parte, o avance do proceso de españolización na sociedade galega explica que unha parte notábel do profesorado non teña as competencias lingüísticas necesarias para impartir docencia en galego, perpetuando así a desgaleguización do ensino e o descoñecemento da lingua.

Se no ensino público a situación é preocupante, no ensino concertado e privado o contexto é dramático, xa que en moitos deles o galego é simplemente unha lingua totalmente ausente da realidade educativa. Entramos nunha nova etapa lingüística: o galego é minoritario. Só 15% dos menores de 15 anos falan habitualmente en galego. Transmitimos á maioría castelanfalante da mocidade que o dereito a coñecer e falar o galego lles foi negado, e que iso constitúe unha privación de dereitos e unha agresión, será chave para achegalos ao noso proxecto.

#### *Propostas para o ensino medio*

- O galego como lingua vehicular do ensino

O galego ten que ser a lingua principal de todo ensino, cun profesorado que teña as competencias lingüísticas necesarias para impartir unha docencia útil fóra do marco españolista.

- Baixada das ratios de estudantado por docente

O estudantado merece unha atención educativa eficiente que garanta as súas necesidades, asegurando unha mellor aprendizaxe e incrementando o rendemento académico.

- Abolición dos concertos educativos e da educación privada

Dar paso a unha educación pública nas diferentes etapas e modalidades, que conte cos recursos e servizos necesarios, asegurando o dereito de todos e todas a unha educación igualitaria.

- Abolición do ensino de relixión

Abolir o ensino relixioso no ámbito académico, que impide o fortalecemento dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais.

- Formación permanente e actualizada do profesorado

É preciso para garantir a calidade educativa e a evolución das metodoloxías pedagóxicas, mellorando o proceso de ensino-aprendizaxe. Así mesmo, isto permite ao profesorado adquirir novas ferramentas e recursos que favorecen a adaptación ás diversas realidades e perfís do estudiantado. A formación continua do profesorado non é só unha responsabilidade profesional, senón que tamén un requisito fundamental para asegurar unha educación equitativa e actualizada.

- Materia de Historia de Galiza

O estudiantado galego merece coñecer a súa historia cunha materia propia e obrigatoria que aborde tódolos aspectos do noso pasado a fin de comprender a situación de Galiza no presente. Ademais, a nosa realidade debe estar presente no resto de materias, rachando coa óptica españolista que impregna tódolos ámbitos do ensino.

- Educación integral e transversal do estudiantado

Reformular o que se entende por educar nun centro de ensino. Pois, é necesaria unha educación en igualdade e diversidade, educación sexual e emocional, conciencia medioambiental, etc. Todo isto é imprescindible para ofrecer ao estudiantado as ferramentas necesarias para a súa estancia no centro educativo e o seu desenvolvemento persoal.

- Lei Galega de Educación

Se queremos construír un ensino feito para as estudantes galegas, pensado para adaptarse ás necesidades da nosa nación e para formar unha sociedade capaz de artellar a Galiza do futuro, é imprescindible que consigamos unha lei propia de educación, que rompa cos marcos coloniais impostos e que permita un ensino galego libre.

## FORMACIÓN PROFESIONAL

A Formación Profesional é, seguramente, o eido no que podemos constatar con máis dureza a progresiva posta do ensino ao servizo dos intereses do mercado. Ao mesmo tempo, esta modalidade de estudos segue aínda a sufrir o estigma dos prexuízos elitistas que caen sobre o estudantado que opta por esta vía de formación, que é entendida, tanto por boa parte da opinión pública como pola administración, como “de segunda”, fronte aos estudos universitarios.

### *FP Dual*

No vindeiro curso 2024-2025, todos os centros deben comezar a aplicar os cambios introducidos pola nova Lei Orgánica de FP 3/2022. A implantación desta Lei conduce á modificación dos actuais títulos de FP básica, Ciclos Medios e Superiores, ocasionando a través dos cambios realizados a dualización do sistema educativo da FP ao seu completo. Unha FP Dual que, como xa ten sido analizada pola nosa organización, ten como resultado unha privatización encuberta da man da Xunta da Galiza; posto que supón a dotación de poder de decisión e participación a grandes empresas privadas, ao poder estas intervir na avaliación e selección do estudantado.

Ademais deste carácter claramente privatizador, convén recalcar o enfoque utilitarista que ten este modelo de FP, que permite ás empresas participar no proceso de formación do estudantado buscando o seu propio beneficio. Desta forma, teñen a capacidade de adaptar os contidos ás súas propias necesidades, asegurando así un relevo de plantilla. É dicir, o sistema educativo entendido como fábrica de traballadores preparados para satisfacer as necesidades máis inmediatas do mercado laboral.

Do mesmo modo, a reorganización da FP dá como resultado a estratexia levada a cabo polo PP ao dotar a estas grandes empresas de man de obra barata, posto que só as estudantes da FP Dual Intensiva teñen dereito a recibir unha remuneración económica nas súas prácticas. Tendo que destacar que a Dual Intensiva só está presente nalgúns ciclos Medios e Superiores, quedando excluídas do dereito á remuneración económica as estudantes de FP Básica.

A implantación deste novo RD a partir de setembro de 2024 demostra a incapacidade de xestión da Xunta da Galiza, posto que a falta de definición desta Lei Orgánica por parte da Consellaría de Educación e do Ministerio de Educación fará que este curso 2024/2025 se desenvolva de maneira abrupta e experimental, sen ter uns plans e obxectivos precisos. Así mesmo, esta LOFP supón un empeoramento da calidade educativa, reducindo

considerabelmente a adquisición de competencias nos centros educativos, ao mesmo tempo que se aumenta un 20% a formación ofertada polas empresas privadas no caso da formación básica e até o 25-35% nos ciclos medios e superiores. Un feito que, como se ten analizado desde Erguer, ocasiona unha redución da formación continua dada por parte do profesorado.

### *O novo módulo de inglés profesional*

Unha das novidades do vindeiro curso é a introdución para todas as ramas da FP dun módulo de formación técnica nun idioma estranxeiro (na práctica totalidade dos casos o inglés) sen que aumenten as horas necesarias para a consecución dos títulos.

Se a duración total dos ciclos -2000 horas- xa era limitada para a impartición dos módulos específicos, a nova lei suporá a eliminación de horas de formación propia sen adecuar ao fin os resultados desta aprendizaxe nin as orientacións pedagóxicas da mesma. Esta medida é especialmente negativa para as estudantes, as cales ven reducidas as horas de formación práctica en favor dun módulo principalmente teórico que non se adecúa na maioría dos casos aos contidos do seu ciclo.

Ademais, esta nova medida volve a ser outro ataque para a nosa lingua, especialmente castigada neste tipo de ensino. A implantación dun módulo en lingua estranxeira responde ás tentativas de converter a FP nunha ferramenta a favor das demandas de empresas deslocalizadas e dun modelo de país centrado no turismo, no canto de buscar a formación de profesionais que sexan plenamente competentes no noso idioma e estean adecuados á necesidade do noso país. De novo atopamos unha medida que resulta un ataque para a nosa lingua, especialmente castigada neste tipo de ensino.

### *Diminución da oferta presencial e privatización do ensino*

Nos últimos anos no noso país puidemos comprobar como a Xunta da Galiza eliminou o modalidade presencial en ciclos que pasaron a ofertarse a distancia, incrementando esta modalidade até un 74%. Unha tendencia que foi denunciada pola nosa organización especialmente en 2023, ao trasladar de presencial a distancia até un total de 19 ciclos, sen aviso previo ás estudantes e supondo un claro empeoramento da calidade educativa.

Cada día está máis presente a estratexia privatizadora do PP, unha constante que se pode ver exemplificada debido ao incremento da oferta de FP en centros privados e concertados, especialmente en Ciclos Medios e Superiores. No noso país nos últimos anos houbo un aumento do 62% de estudantes que realizan os seus estudos de FP en centros privados, os cales son sostidos con fondos públicos. Un dato que se pode contrastar co incremento das

mesmas en centros públicos, posto que este é tres veces máis baixo. Do mesmo xeito, ao tempo que se recortan os fondos para os FP públicos, auméntanse para os privados e concertados.

### *Propostas para o ensino profesional*

- O galego como lingua vehicular do ensino

O galego ten que ser a lingua principal de todo ensino, cun profesorado que teñas as 15 competencias lingüísticas necesarias para impartir unha docencia útil fora do marco 16 españolista.

- Supresión do módulo de inglés profesional

Dando espazo a outras áreas de estudo mais especializadas ou demandadas no 19 estudantado.

- Aumento de oferta de ciclos presenciais e desprivatización do ensino

Aumentando a oferta de ciclos presenciais conseguimos un maior acceso a 22 educación, tendo oportunidade de estudar en institucións próximas sen depender da 23 modalidade virtual.

- Garantía de cumprimento dos dereitos laborais nas prácticas.

As estudantes en prácticas, ademais de ver algunhas veces o seu salarios reducido respecto do dun traballador, sofren vulneracións recorrentes dos dereitos dos traballadores (tales como os días libres, o respecto polos festivos, o cumprimento do horario acordado, etc.). Polo que se debe garantir o cumprimento dos seus dereitos durante os períodos de prácticas.

- Remuneración económica nas prácticas e na formación dual

A remuneración tanto das prácticas como das formacións duais é un dereito ao que non podemos renunciar, posto que en ningún momento se debe permitir que as persoas que se está formando sexan explotadas polo sistema capitalista, aproveitándose da súa condición de estudantes.

## ENSINO UNIVERSITARIO

### *Un SUG infradotado e infrafinanciado*

O Sistema Universitario Galego está sob ataques que visan mercantilizalo e aumentar a presenza do ensino privado. O infrafinanciamento crónico ao que están sometidas as universidades públicas insírese nun cadro de políticas neoliberais que teñen como obxectivo reducir a esfera do público e avanzar na progresiva privatización do ensino, susceptible de virar mercadoría e fonte de lucro.

Se durante a crise de 2008 isto se traduciu na amputación dos orzamentos públicos dedicados á universidade galega, encontrámonos agora nunha conxuntura diferente, en que o ataque frontal non se pode xustificar socialmente. Así, a financiación da universidade pública galega vén de feito mellorando progresivamente desde 2015 aínda que desde 2020 por baixo da inflación (o cal implica un descenso de facto nos últimos exercicios). Este feito, porén, non muda o fondo do problema: por unha banda, nada impide que os ataques tornen a se recrudecer cando mude o contexto económico; por outra, é só cunha transformación fonda dos marcos sociais e económicos que o problema pode ser solucionado de vez. Noutras palabras, non se porá fin ao subdesenvolvemento crónico da universidade galega baixo as políticas neoliberais e socioliberais do Réxime de 78. Só fóra del, nun proxecto galego, soberano e popular, a Universidade Galega superará os límites impostos.

O infrafinanciamento fomenta que as Universidades abran as portas á participación de capital privado e grandes empresas multinacionais, para así obter destas o investimento que os gobernos non proporcionan en troca da intromisión dos intereses do grande capital no ensino público. Esta situación foméntanse coa LOSU, que permite unha maior inferencia do sector privado e os seus intereses na toma de decisión das universidades galegas, destacando empresas como o Banco Santander na Universidade de Santiago.

A presenza do capital na universidade galega ten unha consecuencia máis perversa: coa súa crecente influencia conseguen pautar as liñas de pesquisa da universidade, que precisa o seu financiamento, de xeito que a actividade universitaria pasa a estar orientada polo lucro e non pola necesidade social.

Buscamos camiñar cara a unha única Universidade Galega, pública, popular e ben dotada economicamente, como o único modelo viábel para as necesidades do país.

### *O Plano Bolonia*

Desde o ano 2008, a aplicación do Plan Bolonia supuxo unha posta a disposición do ensino superior para os intereses do capital, reducindo a duración dos graos e cambiando a vocación de xeración e asimilación de coñecemento da universidade cara ao obxectivo de prover de man de obra especializada o sector privado. Neste sistema priorízase a asimilación de coñecemento e competencias útiles para o capital mentres se degradan aquelas que non serven a este, como o fomento do pensamento crítico.

O Plan Bolonia supuxo ademais un novo modelo de avaliación e impartición de contidos cunha presencialidade e lóxicas propias doutros chanzos inferiores de ensino que condicionan toda a etapa postobrigatoria. Así, a día de hoxe revélase complexo compaxinar a vida laboral cos estudos ou conciliar coa vida familiar e outras actividades extra académicas.

### *Universidade Privada na Galiza*

A Universidade Intercontinental da Empresa (UIE), promovida por Abanca e aprobada co beneplácito do goberno da Xunta e o goberno español, supón a implantación da primeira Universidade Privada na Galiza. Este proxecto incumpre a legalidade vixente ao ofertar títulos xa existentes no SUG, nun exercicio de competencia descarada contra este, exclúe o galego da docencia e supón unha nova porta aberta á privatización do ensino superior ao entrar no consorcio da Axencia de Calidade do Sistema Universitario Galego.

A situación é crítica xa que a creación dunha Universidade Privada afecta tamén aos xa nomeados escasos recursos das Universidades Públicas: coa desviación de fondos públicos, perda do financiamento privado nas investigacións públicas, éxodo de profesores cara á privada por mellores contratos, maior descenso do estudiantado e competencia propagandística desleal, entre outras consecuencias enmarcadas nunha estratexia máis ampla de desmantelamento do ensino superior galego que leva anos a desenvolver o Partido Popular desde o Goberno galego.

### *A chegada da LOSU*

A nova Lei universitaria aprobada polo goberno do Estado, co voto en contra de diversas forzas da esquerda soberanista, constitúe unha norma completamente desfavorable aos intereses do estudiantado galego.

Deste xeito, incrementa o poder dos Consellos Sociais, un órgano de decisión con participación do sector privado, favorecendo unha xa elevada intromisión dos intereses do capital no ensino público galego. Así mesmo, atenta directamente contra o movemento estudantil autoorganizado, pois abre as portas para que os Consellos de Estudantado, órganos institucionais dependentes das equipas de gobernos das Universidades, ostenten a competencia exclusiva de accións como a convocatoria dunha folga estudantil, en lugar de ser función das organizacións estudantís tae como leva acontecido historicamente. Isto supón un atentado contra un dos dereitos básicos do estudantado e unha traba á hora de empregar unha das nosas principais ferramentas de loita.

Cabe engadir tamén que esta lei tampouco se adapta ás necesidades da universidade galega, ao non protexela da nova ofensiva que supón a universidade privada, nin recoñecer a realidade cultural e lingüística diferenciadas da nación galega.

Reclamamos pois, unha lei galega de educación que free a privatización do ensino superior, a institucionalización do movemento estudantil, a intromisión dos intereses do capital na universidade e o declive no uso do galego entre o estudantado, así como a posta en marcha dun plan para a remuneración das prácticas académicas.

### *Un ensino antipopular*

Foi a partir da década de 1970 que as clases populares galegas tiveron acceso aos estudos superiores. Esta transformación deuse, por unha banda, grazas ao tímido proceso de democratización e, principalmente, pola necesidade de formar man de obra cualificada para o mercado laboral. Neste contexto, a política socioliberal dos gobernos españois nas primeiras lexislaturas da “democracia” favoreceu a creación de sistemas de bolsas, así como a mellora da rede de residencias estudantís, medidas que permitiron unha parcial integración das clases populares no sistema de ensino superior.

Esta inserción, con todo, non se dá en pé de igualdade coas estudantes das clases sociais privilexiadas, aínda menos no actual contexto de erosión dos servizos públicos e de rápida precarización das condicións de vida. Os estudos superiores supoñen un grande esforzo económico para as clases populares e, a pesar diso, garanten cada vez menos unha seguridade laboral e salarial digna.

Hoxe, en síntese, as clases populares intégranse de maneira precaria pero forzosa no ensino superior. O investimento público en bolsas responde non tanto a unha vontade redistributiva



ou social, senón a cumprir as esixencias do capital, que demanda operarios cualificados a baixo custo. É por iso que falamos dun sistema de ensino eminentemente antipopular.

### Bolsas de estudo

As axudas ás estudantes na continuación dos seus estudos están marcadas por unha dinámica inxusta. As esixencias dun mínimo de créditos aprobados que varía entre 65 e 90% expón o estudantado máis vulnerábel, obrigándoo moitas veces a abandonar e devolver o importe que lle foi facilitado o anterior ano.

Alén diso, o cambio ou o estudo dunha nova carreira ou mestrado supón a perda automática da bolsa, imposibilitando a finalización satisfactoria dos estudos ás estudantes que non teñan unha situación económica que lle permita: unha vez máis, o sistema converte un dereito básico como é o estudo nunha cuestión de clase.

A ampliación do sistema de bolsas, de xeito que sexa suficiente e axeitado para garantir o dereito a unha formación digna para o estudantado en todos os niveis formativos sen distinción de clases.

Creación dunha bolsa de vivenda pública en aluguer para estudantes en cada unha das cidades con campus; construción de novas residencias públicas en cada unha destas cidades e control dos prezos dos alugueres.

### A farsa das matrículas gratuítas

En xaneiro de 2024, o goberno do Partido Popular prometeu a gratuidade das matrículas universitarias no ensino superior. Esta medida é en realidade unha bandeira tradicional do movemento estudantil nacionalista (é, de feito, unha das medidas que defendía Erguer nas súas teses) e, máis amplamente, do nacionalismo galego, que xa propuxera en numerosas ocasións a medida batendo sempre coa oposición do PP. Isto non é casualidade, senón que reflicte á perfección a estratexia do Partido Popular, disposto só a facer concesións cosméticas en período electoral e que alén diso posúe criterios moi complicados de cumprir para as estudantes galegas, posto que non se adapta á realidade das mesmas.

A gratuidade das matrículas é, en si, positiva, mais totalmente insuficiente e superficial: susceptible de ser revertida en calquera momento, sen alterar ningún elemento estrutural. Fica patente, máis unha vez, a incapacidade das forzas do réxime de acometer reformas en

chave popular que verdadeiramente transformen a longo prazo o ensino en particular e por tanto a sociedade en xeral.

## Sistema de transporte

A concentración dos centros de estudo universitarios nunhas poucas cidades do país esixe que a maioría de estudantes teñan que se desprazar habitualmente entre o seu domicilio familiar e a cidade de estudos.

A inexistencia dun sistema público de transporte ben artellado e adaptado á realidade galega crea unha Galiza a dous ritmos: se para a mocidade urbana universitaria do Eixo Atlántico as conexións son razoábeis e mesmo económicas, o transporte fóra destes puntos atravesa unha situación dramática.

O transporte ferroviario está totalmente subdesenvolvido, coa inexistencia de conexións tan necesarias como Compostela-Lugo no plano interurbano e de trens de proximidade no plano metropolitano. Estamos, en síntese, perante un modelo de transporte colonial e capitalista, cuxa estrutura responde ás necesidades da metrópole (Alta Velocidade Madrid-Galiza) e o lucro económico de empresas monopolizadoras como Monbús-Alsa, descoidando as necesidades reais da sociedade galega. A consecuencia é unha capacidade de mobilidade moi reducida, limitando as opcións vitais das estudantes e precarizando a etapa estudantil, especialmente no rural, cuxa cobertura queda fóra dos intereses económicos do sistema.

## Vivenda e residencias

A precariedade no acceso á vivenda converteuse, nos últimos anos, no principal problema dos estudantes no país. No período entre 2018 e 2024, o prezo medio do aluguer novo encareceu 47% na Galiza, superando a barreira de 50% en Lugo e Compostela. O problema é especialmente punxente na Coruña, Vigo, Pontevedra e Compostela, que son tamén as cidades con maior número de estudantes. A isto súmase o mal estado de moitos pisos de estudantes, que se sitúan decote no limiar da habitabilidade.

Son as clases populares as que sofren en maior grao este problema, tanto polo esforzo económico que lles supón o aluguer como pola mala calidade de vida derivada da precariedade habitacional.

Por outra parte, as residencias públicas resultan totalmente insuficientes para paliaren o problema: o sistema público de residencias leva décadas sen ser ampliado a pesar da

crecente demanda, poñendo novamente en evidencia o desleixo dos gobernos antipopulares en materia social.

### *Un ensino desgaleguizador*

Como xa temos mencionado, o ensino foi sempre unha das principais ferramentas de españolización da sociedade galega. Esa situación continúa hoxe en día, cunha universidade galega onde a nosa lingua segue subordinada ao castelán, negando o dereito aos estudantes de estudaren na lingua propia. Na USC, por exemplo, só 25% das horas docentes son en galego, sendo as cifras da UDC e UVigo aínda inferiores.

Non se trata só, porén, de horas de docencia: non existen os materiais de estudo (revistas, manuais, artigos, etc.) necesarios para unha formación completa na lingua propia. Isto perpetúa un esquema claramente diglósico que contribúe a desprestixiar o galego e impedir que se avance no proceso de normalización.

Cómpre, alén disto, analizar outros aspectos fóra do lingüístico en que o ensino superior actúa como axente desgaleguizador. As universidades galegas foxen da realidade propia, con planos de estudos afastados da realidade nacional e perpetuando o descoñecemento da nosa historia, economía, etc.

Neste sentido, o ensino superior preséntase como unha prolongación do ensino medio e básico, constituíndo a última fase dun sistema que busca desvincularnos da nosa realidade nacional e social.

### *Propostas para o ensino superior*

- Creación dunha Editorial Universitaria Galega

Con capacidade para editar e publicar materiais científicos de todos os eidos en galego, garantindo o dereito a estudar na nosa lingua e a publicar nela.

- Mellora do financiamento universitario.

É necesario un aumento do financiamento público para as universidades galegas, para garantir unha educación accesible e de calidade.

- Dereito á vivenda.

Aumentar a capacidade dos sistemas de residencias universitarias, crear bolsas de vivenda pública accesíbel para o estudiantado, fomentar o control de alugueres nas cidades.








- Garantir a plena galeguización da universidade.

O galego debe ser a lingua vehicular e prioritaria en todos os ámbitos da vida universitaria, tanto no ensino como na investigación, o que debe quedar reflectido tanto nas normativas internas das universidades, como manifestado en planos e programas de normalización correctamente financiados.

- Ensino adaptado á realidade galega

Os contidos e coñecementos impartidos pola universidade deben responder á realidade galega, formando individuos conscientes da mesma, as súas características e necesidades, que sexan verdadeiramente capaces de construír un futuro para a Galiza.





**ESTUDAMOS PARA**  
**LIBERAR**  
**GALIZA**